

**Tódolos precipicios. Texto lido na presentación  
de *Ningún precipicio*, de Olalla Cociña, na Coruña,  
o 5 de novembro de 2013**

**Dores Tembrás**

**Formas de citación recomendadas**

**1 | Por referencia a esta publicación electrónica\***

TEMBRÁS, DORES (2014 [2013]). “Tódolos precipicios. Texto lido na presentación de *Ningún precipicio*, de Olalla Cociña, na Coruña, o 5 de novembro de 2013”. Edición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.

<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/2719>>.

\* Texto inédito até a súa edición en pdf en *poesiagalega.org*, dispoñíbel desde o 15 de abril de 2014 a partir do arquivo facilitado pola autora.

**TÓDOLOS PRECIPICIOS. TEXTO LIDO NA PRESENTACIÓN  
DE NINGÚN PRECIPICIO, DE OLALLA COCIÑA,  
NA CORUÑA, O 5 DE NOVEMBRO DE 2013**

**Dores Tembrás**

*TIEMPO*

*Yo no sé de la infancia  
más que un miedo luminoso  
y una mano que me arrastra  
a mi otra orilla  
Mi infancia y su perfume  
a pájaro acaraciado.*

Alejandra Pizarnik

*El acto de la escritura es posterior al dolor. Lo suscribe.  
Odio esa tristeza vulgar que transmite el texto.*

*Te lo voy a decir de otra manera:  
quiero que aprendas del duro ejercicio del habla  
del rigor que exige la puesta en escena de los sentimientos  
más audaces.*

Eloisa Otero

Non é doado falar do libro de Olalla. Non é doado falar de Olalla. Porque debo practicar a contención mais disciplinada, porque tódolos detalles mínimos que están non poden ser contados neste anaco.

Baste dicir que coñecín o *Libro de Alicia* pouco despois de publicar *O pouso*. Que me perdín nas súas páxinas aquel verán, sentindo que atopara unha amiga párvula a quilómetros de distancia.

Unha poética na que auscultarme. E vasos de iogures perforados por un fío de la. Como diría ela os ollos da infancia fitándonos ata o desmaio.

Os que me coñecen saben da miña gran admiración pola obra de Olalla Cociña. Pero precisemos: digamos mellor devoción.

*Coma choutar sorteando as pozas.  
Como agardar a primeira cereixa en xuño.*

Debo dicir que cando a poeta me deu a ler este poemario, hai xa moitos meses, regresei

a aquel extraviarse delicioso, ela entregábame un libro para debullar as palabras.

Nas primeiras páxinas Olalla podería deslizarme a pregunta:

*-Imos camiñar?*

E a advertencia:

*-Pasarás frío, mollaraste, e aínda que vaiamos xuntas sentiraste soa,  
Pero dareiche a comer palabras ou landras, de compango algún silencio. Prometo.*

Só podía respostar:

*-Camiñemos.*

E sen decatarme, ela tecendo pasadizos segredos en calquera xardín, descubríndome restos de louza para facer a ofrenda en cada texto. Un soño para compartir na deshora da mañá.

Así se escritura experiencia da perda, da dor antiga, a violencia mínima da boneca co vestido esgazado. E así é doado admirarse entre miniaturas, pucariñas de porcelana chinesa. A vitrina e o cristal, un desaloxarse para tódolos poemas, cando a páxina é lenzo, descanso para palabras que vibran na gorxa.

Pero non se confíen, porque é doado precipitarse dende estas miniaturas, o borde dunha foto, os vértices gastados de calquera nota manuscrita, o tintileo do ritual do domingo, a poeta fai de nós avelaíñas en frenesí, tódalas luces cenitais, tódolos precipios. Olalla Cociña non pousa a mirada, devora con paciencia atroz cada ángulo, cada recendo. Aprésanos, renuncia a calquera intensidade, sabéndose intensa en extremo. A ofrenda funciona coma eixo. A palabra redúcese, anégase de auga, e só nos deixa unha canaveira para que pase o ar. Restrinxíndonos o osixeno extrema a alerta do noso corpo.

Porque a poeta é especialista en reverter as violencias, os símbolos, non será xa o coitelo o que nos meta medo, será a pedra que des-afía.

Ás veces os poemas acúsannos, a poeta arma o mecanismo do texto con precisión admirábel, e peor escoitar a recriminación nunha voz cándida, así se suliña a punzada. Apenas unha música para paliar os efectos, o acordeón para bailar dentro antes de rendernos. Sen botar en falta o metrónomo. Toda unha banda sonora á nosa disposición; a melena sen trenzas na noite na que a orquestra ou unha cinta de casete:

*nel blu di pinto di blu*

Ou o río, a mudez das maciñeiras enxertadas, a continxencia dos enxames, o seu zoar amparándote.

Tamén algún sabor: uvas, viño, empanada, pan, careixóns, galletas, o acedo das nocas aínda verdes, pero tamén as farangullas secas, o fel.

O poemario é un axuste de contas, un inventario de manchas de nacimiento, cadansúa historia, a honestidade, palabra ou furado negro, a honestidade, dalo todo porque si.

E agora que nós tamén sabemos que a perda é infinda, podemos botar o verán contándoa en graos de area, medíndoa na teima:

*innumerable veces*

*para que agora nos palpiten  
debaixo das maos*

E igual que a area, a lingua, a delimitación, de novo o precipicio, a conciencia, os brazos abertos cara o baleiro.

Como calibrar a perda? Non hai consolo neste libro, hai cómplices, figuras que manexan a proximidade coma expertos en esgrima. A prata do anzol non minguará a dor:

*e cravarcho finamente no lugar  
onde a gorxa  
garda a sede*

Os restos desta violencia mínima aniñarán no abandono, a experiencia do abandono, abandono de si. Inoculados. Esquivalo:

*aínda é posible deixarse ir  
porque un vento que ferve, africano  
nos anestesia a razón para seguir sendo irrealis  
e non mancharnos*

Amaiarse, controlar o peso exacto do corpo ou palabra. Iso fai Olalla Cociña en cada verso.

Ofrenda un verdadeiro rosario de debilidades, como acontece no poema “*chantar os dedos ata o fondo*”, que me gustaría que lese, que podería roubarlle agora mesmo.

E os segredos, os segredos tamén en forma de perda, o que se agocha para dicir, a descuberta no verso, a revelación en espello. A boca do outro, os ósos de Cortázar.

Os segredos, o enigma que só Olalla Cociña ilumina, entre citas e xeitos de actriz de cine mudo.

Aflición e consolo.

Perda, perda, perda:

*nosoutras un relicario á caricia do pescozo  
para gardarnos  
dentro*

Ou cando escribe:

*pensa en dicilo  
pero en vez diso escóndeo apértao afógao  
saborea o sabor do sangue que a arrodea  
é feliz na súa interna hemorraxia*

Porque Olalla Cociña sabe calibrar a violencia, para que nos pareza maina, serena, esa que nos leva a abismarnos sobre a morte primeira, a que se decide, cando o suicidio eran cadenetas de margaridas, pensamentos atravesados polo gurgullo do leite. Cando todo se esgaza, a septicemia esténdese.

O que se amosa, o que se agocha, “*as palabras tan gastadas/pero que algunha vez dixeron iso que dicían*”.

Ela, escritura de salitre, tempo no que as palabras eran en por si incandescentes. Rei-

vindicación adánica con Mallarmé.

Porque ela é:

*incapaz de minorar  
o manancial de tinta  
que circula do pulso aos ollos  
mais esqueces  
a feitura das letras  
a ortografía*

Cando as palabras veñen á boca, o estalido, demorarse no estalido. Palabras que sen papel nin tinta arman un devocionario. A palabra que sanda nun tempo “*no que un punto de purpurina abundaba para iluminalo todo*”.

Cando escribín estas palabras sabía que pouco podía contar desta lata de tesouros, moi pouca luz se pode botar sobre os obxectos que contén, que esixen fascinio e observación de entomóloga a partes iguais.

Saben? Eu recomendaríalles que se perdan neste libro, abran calquera páxina, recuperen con el, papel pautado, caligrafías tortas, amigos que se perderon para sempre, complicidades que siguen queimando, as primeiras veces.

Di Olalla ao final do poemario que este é o libro dos amigos, eu son afortunada por estar nel, e dende ese lugar é dende o que escribo sobre retallos de infancias xémeas a quilómetros de distancia.

Ela escribe e eu leo:

*Poesía foi o grao da sarabia que chegou ata acó  
mancando nun zapato*

*un poema foi descalzarse e subir rúa arriba  
feridos de morte polo cuarto crecente*